

Queremos colo

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2009]). “Queremos colo”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 15 de marzo, 20. Reedición en *poesiagalega.org*. Archivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/698>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2009). “Queremos colo”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 15 de marzo, 20.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Vicente Araguas



QUEREMOS COLO!


Hai títulos de libros que, de entrada, supoñen un certo número extra de vendas (cincuenta ou sesenta exemplares, hoxe estou falando de poesía) para quen acertou ao nomealos. Elena Medel, emerxente poeta cordobesa, cando tiña dezaseis anos (o que tamén axudou) deu no albo ao titular o seu primeiro libro como “Mi primer bikini”. Que logo o tal bikini á penas si se vera xa é outra historia. Outro libro chamativamente titulado foi “Limpiar pescado”, de Luis Muñoz, quen nesta caso andaba a recoller por enteiro a súa poesía enteira baixo tan curiosa denominación.

Carlos Fontes (Vilaboa, Pontevedra, 1968) deixa de ser inédito, como autor dun libro individual, que xa se deixou ver en escolmas, con “Quero colo” (Edicións Espiral Maior, A Coruña, 2008). Un título que lle vai valer (de entrada) un certo interese. E permítaseme a nota impresionista dicindo que meu pai, ben alleo ao ámbito poético (galego ou non), reparou con curiosidade neste volume, no que eu xa estaba remexendo hai un tempo. E repetía morto de risa o título fontesiano, quen gañaba así un fan impensado (e impensable). ¿E realmente compensa o contido do volume de Fontes o esforzo de deixarse levar polo título? Parafrasando a Unamuno, segundo e conforme. Segundo, porque como sabemos coas boas intencións (e o libro de Fontes está cheo delas) non abonda. E conforme poisque tampouco está nada mal proseguir (como fai Carlos Fontes) por ese vieiro da poesía belixerante ou de tendencia que os novos ricos (hainos tamén no espazo lírico) das poéticas culturalistas, que pretendían arrumbar no faiado movementos anteriores á eclosión democrática, deran por finiquitados.

Así as cousas, digamos que Carlos Fontes semella moi a gusto, préstalle moito, vaia, o pequeno formato. Quer na poesía política, quer na erótica. Que son básica-

“Semella moi a gusto, préstalle moito, o pequeno formato. Quer na poesía política, quer na erótica”

mente os dous ámbitos nos que se move. Sempre desde premisas xusticieiras e, en todo caso, moi benhumoradas. Un chisco



“Quero colo”

Carlos Fontes

Espiral Maior / 16 euros

na liña de Ángel González ou Mario Benedetti, ou Eduardo Galeano, quen se deixa ver aquí de maneira explícita.

Na cuestión humorística, Fontes xoga co concepto, extraéndolle a este moito do seu zume. Un exemplo: “Deixémonos de xogos de palabras./ Chamémoslle a cada cousa polo seu nome:/ Morteamérica é morteamérica.” E nesta liña hai máis mostras, sen ir máis lonxe a do poema que leva por título, ben significativo de seu, “Marancolía” (onde se fala de mar, lástima fora).

Xa que logo, este é un libro ecoloxista, comprometido, politicamente correcto, atinado nas maneiras, previsible nas formas (aínda que estas fagan choutar o inesperado, cando o poema á penas é un título “Desexo darche un abrazo con lingua” ou “Estou con ganas de peitearme no teu cabelo”), e –como consecuencia do antes exposto– un pouco “xatevín”. Como o pedir, aínda que metaforicamente, colo. Aínda que aquí, no título, radique, precisamente, a novidade ou o desexo dela.